

Burgo insta á Xunta a reunirse “de contado” con Afundación para manter aberta e en boas condicións a escola do Sagrado Corazón

A deputada autonómica cumpre así palabra dada pasada semana, xunto ao voceiro de Educación na Cámara galega, rexistrando varias iniciativas destinadas a que a administración autonómica solucione “o grave problema” das familias afectadas

“No fondo o que está presente é a grave carencia que ten Lugo de escolas infantís públicas. De feito, a Xunta de Galicia só oferta dúas, incluíndo a indicada. E dicir, que se se pecha esta, Educación tan só ofrecería unha nunha cidade de 100.000 habitantes, o que é totalmente inasumible, sobre todo, porque o concello creou catro, a pesares de non ser da súa competencia”, destaca a socialista

LUGO, 9 DE XUÑO DE 2015.- A deputada autonómica –Concepción Burgo-, tal e como se comprometera a pasada semana en rolda de prensa, xunto ao voceiro de Educación na Cámara galega vén de rexistrar no Parlamento de Galicia varias iniciativas dirixidas a instar ao Goberno galego “a que se reúna “de contado” cos representantes de Afundación para manter aberta e en boas condicións a escola infantil do Sagrado Corazón, porque, de non ser así, a administración autonómica debería de comezar de inmediato” a construción dun novo centro no mesmo lugar, explica Burgo.

As propostas que plantexa o Grupo Parlamentario Socialista a través desta deputada respostan á necesidade de solucionar “o grave problema” que teñen os pais e nais, cuxos fillos están escolarizados en dito centro, e que non poden acceder a outro, xa que agora están pechadas as convocatorias para a admisión de nenos e nenas nas restantes escolas públicas da cidade. E é que esta situación, explica Burgo, tamén supón “un prexuízo” para a conciliación familiar e laboral destas familias, e que non se resolve enviando aos rapaces a un centro afastado do seu domicilio.

“No fondo o que está presente é a grave carencia que ten Lugo de escolas infantís públicas. De feito, a Xunta de Galicia só oferta dúas, incluíndo a indicada. E dicir, que se se pecha esta, Educación tan só ofrecería unha nunha cidade de 100.000 habitantes, o que é totalmente inasumible, sobre todo, porque o concello creou catro, a pesares de non ser da súa competencia”, destaca a socialista.

A este respecto, considera que “o Goberno de Feijóo ten que dar explicacións claras e concretas do que pensa facer ao respecto. Estas familias non poden continuar nesta incertidume. Pero, sobre todo, o que ten que facer é dicir se pretende solucionar o problema, xa que con este panorama non creo que pense que en Lugo temos suficientes escolas públicas...!, exclama.